


# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias

d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, 6 mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.

América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redacción e Administración: Preza María Pita, 17. baixos, CRUÑA

# FORD

## Nova baixa de prezos postos en vigor

		ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...		4.480	<b>4.230</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	Pesetas	6.300	<b>6.070</b>
VOITURETTE » 2 » » sin » »		5.790	<b>5.675</b>
DOBLE FAETON » 5 » » con » »		6.630	<b>6.350</b>
DOBLE FAETON » 5 » » sin » »		6.125	<b>5.965</b>
SEDAN » 5 » (coche cerrado con arranque)		12.050	<b>11.290</b>
COUPÉ » 2 » » » »		10.975	<b>10.215</b>
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada		5.050	<b>5.735</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiré unha remesa de vinte autos e camiós, polo que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servizo económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
**AXENTE**

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademitindo devolta dempois da saidas do almacén

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANNO V — NÚMERO 151 — 15 NOVEMBRO 1921

## ACTOS NAZIONALISTAS

### Inauguración do mausoleo a Leiras Pulpeiro en Mondoñedo

Como xa temos dito, o día 30 do mes derradeiro fixose a inauguración do mausoleo ao inequiescente médico e poeta mindonense D. Manoel Leiras Pulpeiro.

Das moitas representacións invitadas somentes faltaron as que non teñen xeito d' enxebrismo.

Foron en troques delegados das «Irmandades da Fala» y da Academia Gallega.

No cemiterio civil da cidade do Masma, léu unhas cuartillas garimosas o irmán Lorenzo Rico, ofrecendo en nome dos fillos de Mondoñedo na Arxentina o mausoleio ao pobo.

O alcalde, alí presente, delegou en Ramón Fernández Mato para que, coma voz do Concello, erguese a súa en resposta ao Sr. Lorenzo Rico.

Logo Vicente Risco, en nome dos nazionalistas galegos pronunciou un curto discurso lembrando ao morto no que encarnaron as virtudes da Raza. E romatou o acto cantando o orfeón «A Lira» o himno nazional.

Pol-a noite no teatro do «Casino» houbo unha solene velada necrolóxica. Deu comenzo co'a interpretación da Alborada de Veiga, por un cuarteto. Seguidamente fixo a presentación dos elementos forasteiros o abogado señor Rodríguez Vázquez.

Antón Villar Ponte, léu un traballo que publicamos ao remate d' esta reseña.

Eladio Rodríguez González léu outras coartillas coma segredario da Academia Gallega.

O Sr. Carré Aldao falou brevemente grosando un conto pintoresco con grande fortuna e oportunidade.

Vicente Risco, no nome da mocidade galega dixo cousas de fonda emoción.

O Sr. Pena Novo pronunciou outro discurso.

E pechou o acto c' unhas palabras cheias d' agarimo o Sr. Fernández Mato, cantándose logo o himno galego.

Todol-os oradores espresáronse na nosa lingua agás o Sr. Rodríguez Vázquez e o Sr. Fernandez Mato. Más este

dixo que sentía non dominar o galego, pois de o dominare non falaría en castelán.

Foron actos realmente interesantes os que fican reseñados á lixeira

### O traballo de Villar Ponte

Falar de Leiras, en castelán, un galego, conecendo algo de galego, tería de resultar tan absurdo como un castelán falando de Cervantes en chino entre xente de Castela. Porque Lerias foi verbo do enxebrismo; pero non verbo do enxebrismo de rexouba e trangallada que tanto dano causou á nosa Terra, se non d' aquel outro transcendente e integral que fai da palabra materialización do espírito e síntese d' unha raza que soubo, respondendo a altos desinios providenciaes, diferenciarse de xeito orixinal, entre todas-as do mundo, creando unha lingua, don o mais escelso que Deus e a Natureza poden concederlle a mi pobo. Porque a facultade que ten un pobo de crear unha forma verbal aos seus sentimentos e pensamentos,—emprego xucios de Teixeira Pascoaes—é o que millor revela o seu poder de carácter, de raza. O languaxe é unha obra da Natureza e do home. As cousas *falan* á nosa sensibilidade que converte a impresión recibida n' unha forma de sou articulado; isto é, *nomcia* a cousa que feriu. O nome d' unha cousa (principalmente das cousas vivas e naturaes) é, por asím decir, a propia cousa en espírito verbal. E cando a sensibilidade d' un pobo responde, d' un modo especial, ás cousas que lle *falan*, ou cando elas impresionan d' un modo especial a sensibilidade d' un pobo, é porque él ten alma propia, un poder de concebir e sentir o mundo e a vida por virtude propia. E se as cousas nos falan, tamen nos falan os nosos sentimentos, para seren nomeados e adquiriren expresión vivente.

D' un modo xeral e vago, asím se crearon as palabras, verdadeiros seres con alma e corpo, que, d' organismos rudimentarios, interxeicionás, se foron perfeicioando pol-as leis que presiden ao desenvolvemento das outras creaturas.

Xa Horacio consideraba as palabras como seres que nascen, que se transforman, envellecen e morren. Se as palabras *existen* para o maior número, para os Artistas

### Os viños do Ribeiro

## ARNOYA FINO

Significan o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

viven na verdade. Por iso dixo Teixeira Pascoaes moi ben que o Poeta conece as verdades en primeira mau. E Leiras foi asin como coneceu as verdás da nosa Terra. Recolléndolas das fontes puras da Raza. Bebendo no seu vaso as augas cristiánas da montana e da ribeira.

Eu cando falo de D. Manoel Leiras Pulpeiro sintome ateigado de fonda emoción. Porque o coñecín na intimidade. Porque soupen das suas bondades e dos seus pensamentos. Porque ouvinlle lêre, para min solo moitos versos, inéditos, inda hoxe; porque actuei canda él en propagandas republicanas; porque poden apreciarse a súa modestia e tiveron o honore d' andar na súa compañía pol-as ruas de Mondoñedo... Eu era d' aquela un rapaciño novo e él nn home venerábel, de corpo rexo como os cotos do Tronceda e de cabeza baril coberta de canas; de branco bigote e de longa barba branca; de corazón d' ouro tan grande com' a Paula, e d' espírito esquisito ond' o humorismo aristocrático da raza andaba a frolecer de cote. Vir a Mondoñedo e non coñecer a Leiras se non concebin. Porque Leiras era unha institución popular. O médico demócrata típico de total-as vilas ao escomenzal-o século XX, que para os doentes probes tiña xeito de pai gariñoso, pro ademais d' isto o herdeiro dereito de Rosalía, Pondal, Curros e Lamas, n' unha época en que a musa enxebre soneaba no silencio para resurdir logo triunfal e xúrdia con Cabanillas, Rodríguez González, Noriega Varela, López Abente, Taibo, Manoel Antonio...

Mondoñedo ten sido terra abundosa en poetas, como demostrou inda fai pouco n' un notabre traballo, meu querido amigo, meu fraternal amigo Eduardo Lence a quen tanto ll' é a deber a cultura galega. E Lence afirmara que Leiras e López Ferreiro foron os que millor escribiron o noso idioma. Leiras coñecía o léxico galego e os costumes dos nosos labregos, quizais coma ninguén. A súa musa non fixo niño na peluca de Voltaire com' a do forasteiro de Montmartre; pro volvoreteou inqueda, ano tras ano, pol-a aspra pelambre dos petrucios montañeses. I-eu diágoos que en poucos poetas da Terra poderíase estudar de xeito mais doado a psicología da raza que en D. Manoel Leiras Pulpeiro. A alma labrega, inxénua, sentenciosa, marrulleira, anda a latexar axirxilante nos seus versos en sou madrigalesco e epigramático, adobiada co' as silvestres froles do sentimento popular. Os seus versos, fán-nos pensare n' un petrucio aldeán, de boca ronqueira e maliciosa, mestre en gayos decires, que falase guñando os olliños bulidores, despois de se pôr na cabeza a clásica monteira con cachazuda pachorra... Un petrucio aldeán que todo o deprende no libro da terra, d' esta terra de Mondoñedo onde todo é musical e lírico, e onde naceu Veiga, o autor grorioso da *Alborada*, para quen Leiras compuxo estes versos:

«Ben pode Mondoñedo, dende agora,  
Aunque vista farrapos ter fachenda,  
E, sin se engurriñar, a quenes cheguen  
Abrir en par as portas, pra que o vexan!  
Que, si pazos non ten, nin ten alaxes,  
Nin nada do seu vello grorias lembra,  
Abóndanlle pra honrarse, e pra que o honren,  
A casiña onde emburullano a Veiga,  
A fontaña onde mais cantan as mozas,  
Y-onde él sempre iba â escoita: A Fonte Vella,

Y-o campiño frorido onde os seus hosos  
Da Pátria agardan a cumprida ofrenda.»

Y estes versos que o noso poeta compuxo para Pasca [ Veiga, agora nós podemos facelos propios para llos apri-care a Leiras.

Eu quixera saber, miñas donas e meus señores, algo das parolas que mais d' unha vez os espíritos do músico e o poeta, de Veiga e de Leiras terán sostido alá pol-a alta noite, cando a luz branca e pantasmal da lua andaba a facer de santa compañía... Porque os hosos d' un e d' outro, feitos pol-a sabiduría de Dios, para acougar xuntos no sagro pudrideiro da terra berce común, achanse arredados N' un campiño frorido os de un; n' outro os do outro...

E mentres n' esto pensamos, onvide a Leiras lembrar estes seus versos:

«Dánse ô pe d' os toxos bravos  
As margaridas sinxelas;  
Entre espiñosas xibardas  
O cabrifollo frolea:  
I-o fero acibro y-a abrula  
Xuntos nos cómaros medran.

...  
¿Cándo us pr' os outrol-os homes  
seremos d' esa maneira?»

Difícil é respondere â pregunta do poeta. Mas eu dígo-vos que si os seus hosos áchanse arredados por capricho dos homes, as suas almas son unha no corazón da Terra, pol-a vontade de Dios. Que ambos a dous fixeron moito ben a Galiza. Un curando doenzas do espírito, calmando co' as notas meigas da súa *Alborada* a sede esligante dos irmaos alonxados da patria, que se chama saudade. Outro curando doenzas físicas, sendo un pai dos probes y un cantor dos homildes. Y ante a lembranza d' este home todo bondade, todo caridade, todo dozura, que así era Leiras Pulpeiro, eu erguendo os ollos ao alto pergunto, c'o *Místico*: «Meu Dios ¿qué ceo reservas para os que son bos e non créen?...

Houbo un poeta que cantou a enredadeira que salvou, mais nobre que os homes, a parede arredadora de dous cimiterios de diferentes relixións. Pois o espírito d' esa poesía é o que hoxe trunfa no mundo, pro que inda non trunfou aquende os Pirineus, onde mais alá da morte sigue habendo lindes, pro onde hai en troques xuntanza forzosa para os corazóns de home e muller que trabucados se buscaron e ò encontrarse sintíronse en fonda desarmonía...

E xa quero rematar ofrecéndoos unha poesía de Leiras que é tod' o un breviario de galleguismo enxebre. (Esta poesía foi a publicada no derradeiro número de A NOSA TERRA â que remitimos os lectores).

E a voz de Leiras, n' estes versos, tan cheia de xiros populares, tan sinxela e espontánea, como un eco eternal da nosa raza que canta, vive e traballa en galego. É o sentimento, o pensamento e o desexo de todol-os bós galegos. Todo o campo e toda a mariña—e ¿qué importan as vilas na nosa Terra?—espresaríanse igual que o poeta de sometelos a un plebiscito. Porque taes versos son a definición lírica d' un estado da concencia colectiva.

Os parentes pollosos e os desleigados, a quenes hai que medirlles co' a roca o lombo,—como di Leiras—e, si

non volve a rego, deixalos ire levados do mouro, son eses probes d'espírito que se puxeron de costas ante os valores da Terra, para loubaren o alleo e sentírense avergoñados do propio. Os que atoparon mais beleza—¡ou, santa Rosalía!—no chao irto da castela infruidos por literatísimos exóticos, que nos nosos meigos campos e nas nosas rurdias rias d'ensonon. Os que falaban con entusiasmo reflexo, mediatizados por unha cultura estraña, do «mar azul», do limitado mediterráneo, tendo diante dos ollos o ilimitado Atlántico, o «mare nostrum», o mar misterioso das brétemas soberbas, através cuas ondas veu a iniciativa patriótica, que nos permitiu honrar agora a Leiras e nos obriga a lles tributar un aprauso, saído do corazón, aos irmaus da Arxentina que tan dignamente representa aquí Lorenzo Rico. Eses parentes pollosos e eses desleigados, por mor dos [que o] desenvolvemento das artes belas na Galiza, con características propias, sufríu longa demora, xa que á mocedad orientábase contra do medio ambiente ao non falarlle das nosas glorias e o mostrarlle o alleo como grande e como inferior o noso. Que houbo un tempo—inda non finado para algúns—en que o parecer o menos galegos posíbel era o ideal dos rapaces de Galiza mais ilustrados e mais cultos. E así ninguén se preocupaba dos problemas da Terra. E así veu tallimento espiritual e a cobardía colectiva.

Por iso temos d'ire contra os desleigados—seguinto o consello de Leiras—contra eses desleigados que, cando son políticos, políticos cuneiros e caciques, merecen o nome de «regulares indíxenas»—querse dicir, treidores á Terra,—pidindo que os nosos fucos aldeáns, fartos de soportalos, se convirtan en «pacos» antes de se trocaren en «Panchos» cubanos, en «Chés» arxentinos ou en «Pepes» madrileños.

Eu digovos c'un pensador que, disgraciadiña a raza que non fai un alto na encrucillada antes de proseguir a súa ruta; que non se fai un problema da súa propia intimidade; que non sente a heroica necesidade de xustificar seu destino, d'enborcar craridades sobre a súa misión na historia. Porque ninguén pode orientarse no Universo senon através da súa raza, xa que vai acochado nela com'a pingota d'auga na nube viaxeira....

### Un xuício de Aurelio Ribalta

«Ante os cultivadores de fala gallega, Leiras Pulpeiro (Diol-o descanse) tiña un aquel tan seu, tan asoballante e tan meigo, que coma non hai outro. Il colléralle o modo ás trobas populares. Il manexou coma ninguén esa parte de sintaxes gallega que co-as expresións que se din da a comprender o que se quer dicir. Il tiña o secreto da enxebreira da fala. Il sabía o camiño que leva ó fondo mais fondo do corazón dos lectores».

## Notas enxebres

En Pontevedra foi agasallado c'un xantar o eminente violinista Manolo Quiroga.

N'ese xantar faláron na nosa lingua os irmaos Losada Diéguez e Vicente Risco.

A «Irmandade da Fala» do Ferrol ten acordado alugar un local para domicilio da Sociedade.

Nas xuntas semanaes que celebra atende únicamente a tratar das cousas da causa, sin perdel-o tempo en minucias que non seían de verdadeiro interés patriótico.

Os nacionalistas da Habana, publicaron un número extraordinario do boletín nomeado «Nós». E gustantes acusamos testimoño de o ter recibido.

Varios intelectuales da Cruña organizan un cursillo de conferencias e lecturas comentadas en galego, que axiña haberá de se inaugurar.

Siguen preocupándose os directores do movemento nacionalista galego do Congreso dos povos célticos que en París xuntaráse no próximo Xaneiro.

A notabre revista «Nós», d'Orense, prepera un número moi interesante dedicado á irmá Irlanda.

## CASTELAO



A según vai o mundo os adxetivos de loubanza aplicados as persoas xa nos parecen cousas de caricatura. Por iso nos, d'oxe en diante, para aqués que vallan certamente e sexan irmaos na santa causa cando teñamos que falar d'eles, nom empregaremos palabras gabadoras de ningún xeito.

Iniciámol-a nosa «postura» c'o Castelaio. Castelaio é nome ateigado de luz. Dicindo Castelaio a secas e engadindo que tornou da súa xeira de moitos meses pola Europa cuio ouxeto era coñecer «de visu» as artes dos países mais cultos do vello Continente, para que mais?

Pódese afirmar que poucas pensións oficiais resultarán tan úteis como a concedida ao bó irmao. E o tempo haberá do amostrar. O deprendido por Castelaio trocaráse en sementeira d'inquedanzas no corazón da mocidade galega culta.

Unha aperta, pois, ao artista exemprar que na ponla

mais outa da árbore da Raza aparece como un xurdio froito na maturidade. ¡Ben chegado á Terra sua onde os bós e xenerosos tecen coroas de loureiro para llas ofrendare!

Castelao tanto com'un nome aceso é unha bandeira a tremelar nas filas dos lexionarios do enxebrismo.

## Aldraxa noxento a Galiza e Cataluña

### O concello santiagués áchase emplazado

A coroa de bronce que os cataláns ofrendaron á Galicia para que fose posta no moimento de Rosalía Castro en Santiago, coroa de moito mérito e de alto valor da que é custodio o concello compostelán, foi mgoada por catro estudantes un d'eles extremeño, según limos nos xornaes.

Non sabemos que a policía urbana santiaguesa fixera moito c'os autores da estúpida fazaña. Non sabemos tampouco de que o claustro da Universidade tomara cartas no asunto. Non vimos por ningures que os estudantes galegos fencionasen faguer un acio de desagravio e de xustiza.

Do que nos decatamos é de que todo Santiago en voz baixa pronuncia o nome dos bárbaros que tal aldraxe a Cataluña e tal sacrilexio ao arte cometeron, pro que ningún s'estrebe a proceder contra d'eles. Unha multa, e abundou.

E si o incalificabel feito esmorece así, nós teremos dereito a dicir que hai maor espiritoalidade entr'os rifeños que entr'as xentes de Compostela. O concello compostelán debe actuar con enerxía. E amén do concello, o claustro universitario. Os que teñan a disgracia de seren profesores d'esos bárbaros nemigos da cultura e da arte, aldraxadores da alma galega, obrigados áchanse a castigos, facéndolles imposibel a vida académica na nosa Universidade. Para que vaian ao tercio estranxeiro onde está o posto que millor lles cadra.

Si así se non fai, se todo s'acocha no silencio e no esquecemento, os cataláns terán dereito a deciren que Galiza é terra de bárbaros incapaz de respetar as cousas artísticas, algo inferior ao Riff. ¿Quén ao sucesivo agasallará con nada aos gallegos si na cidade universitaria se toleran taes cousas?

Non coidamos que chegase a tanto a nosa degradación espiritoal que xa resulte imposibel reaicionar contra un aldraxe de tan simbólico xeito coma o que andamos a comentare.

Si Santiago permanece mudo ante esta salvaxada, será cousa de que pensémol-os bós e xenerosos en rescatarmos coma de pobo d'infielos para outro pobo calquera, depulero de Rosalía.

Gracias ao noso irmau Salvador García Fernández de Bodaño soubo Galiza enteira d'esa profanación que no moimento de Rosalía fixeron unhos imbeciles e cobardes estudantes analfabetos. Ninguén mais dou noticia de feito tan incivil e bárbaro.

E que houbo segundo intención ruiña, próbao craramente o que fosen a daren co á coroa dos cataláns, e non con ningún outro moimento dos que en Compostela s'erquen. O de Montero Rios tan tentador, respetáronno. Res-

petaron tamén os outros que teñen emplazamento na Ferradura. Do mesmo de Rosalía, non se lles ocorrén esnaquizar a coroa real redicola e impropia que áchase na cima; foron contra da catalana, porque representa arelas de liberación da escravizante hexemonia de Castel.

Pro o Concello santiagués ao que o presidente da comunidade de Cataluña fixo entrega da coroa valosa que eses miserabeis estudantes, indignos de cobedearse con ningunha persoa decente, magoaron, é o chamado a escrarecel-os feitos.

Si así o non fai, merecer ha o desprecio de cantos levamos a Galiza na i-alma. Como merecerán tamén eterno desprecio os estudantes galegos que hoxe cursan carreiras na universidade compostelana, se cruzándose de brazos, toleran o bárbaro aldraxe. ¡Colonia catalana de Santiago, conta con nosco!...

## NO DESTERRO

Do poeta da Raza

### Cheirumes da Corte

A xente vai e ven, rúas e rúas  
co-a presa silenzosa da formiga  
que busca atrás e adiante  
e non dá co-a vereda coñecida.  
Anda sin rumbo n-esta tarde morna  
de luces floxas, murchas, esvaídas.  
(Este Madri ten reuma  
e canseira da vida.  
Tod-a semán tumbado no camastro  
quere estírar as pernas encollidas).

O tin-tin delorido  
e o amarelo do ovo dos tranvías.  
Pombas bochudas van de arco en arco  
na praza da Armería.  
Dende as craras e abertas balconadas,  
a paisaxe durmida:  
ceo afumado, terra pardecenda  
arbres rateños, montes cor de cinza;  
—un fondo de Don Diego  
de Velázquez e Silva.

O redor das farolas,  
rexas amas de cría,  
—a saia curta, en roda, o pano ó curro,  
collariño de adoa de resina,  
longos aretes de ouro,  
canesú de puntillas,—  
pasean maxestosas  
a carne ben mantida.

Os pistolos da guardia,  
tesos, ó frente a vista,  
tres pasos á dereita, tres a esquerda,  
ó biazó a carabina,  
asemellan xoguetes  
de corda e musiquiña.

Perdín a alma n-esta vaguedade  
das cousas. Rúa arriba

vanme caindo os pensamentos, como  
sangre dun-ha ferida.

Unha léngua de lume,  
sangrante, acesa, viva:  
é a chambrá bermellón d-un «mono sabio»  
que torna da corrida  
n-un faco coxo, héctico, amatado,  
e na ombreira, terciada, longa pica.

Esta Madrí, cabeza das Españas,  
deten-o paso e mira:  
un soldado do Tercio  
—alpargatas e roupa descosida—  
que, fachendoso, loce albo trezado  
de vendaxes e fias.  
Este Madrí, cabeza das Españas,  
sigue adiante: ¡cada un a sua vida!

Noite pechada, O «tupí» bota a rúa  
bafanadas runxidas  
d'unha mistura tráxica:  
Valdepeñas e touros e política.

Falando baixo, pasa a miña veira  
un namoro que torna da Bombilla.  
(Ela «pica» no «metro»:  
—velo de tul, falda «plisé», levita,  
zapatiño escotado,  
medias de sedalina.—)  
¡Este Madrí dos noivos de día santo  
co-a tristura da anemia na surrisa!

«Tudescos». «Desengañó».  
Calaxons e escombreyras da «Gran Vía».  
As coruxas do amor  
chisconeian na sombra das esquinas...

## Os pinos saudosos

Esta mañán de outono  
torneime un pouco neno.  
Pol-as limpas veredas do Retiro  
vou esfolia que esfolia o pensamento.

Vou de vagar romántico.  
Diante dos ollos, fumegante, levo  
a pistola de Larra, e unha rima  
becqueriana nos beizos,  
—como un rapaz de dezaoitto anos,  
romántico estudante de Dereito!  
á quen deixou a moza pra casarse  
c-un irmán de sua nai, hinchado, vello,  
que chegou de Bos Aires  
cheo de reuma e podre de diñeiro—

Vou sin rumbo, antre as árbores caladas,  
ollando os tortos brazos espiñentos  
das roseiras sin rosas, enroscados  
nos varales de ferro.

¡Que busca que no-atopa esta mocíña  
de revoltó cabelo  
amarelado cor, vagariñantes  
ollos con circos negros?  
O bico ¡uua traxedia! de onte a noite  
revóalle nos beizos...

Alá ó fondo hai uns pinos  
silenzosos, tristesiros...  
Esquezo meu delor diante do d-eles.  
¡Ou verdes pinos celtas en desterro!  
¡Ou pinos do Retiro  
doentes, mudos, tesos,  
saudosos de brétemas e orballos,  
de asubíos de merlos,  
de visión de montañas azuadas,  
dos bruidos do vento,  
dos salseiros do mar na costa brava...  
diante do voso meu delor esquezo!

¡Ou pinos do Retiro,  
meus irmáns no desterro!

R. CABANILLAS.

## Cousas tropicaes

### Méndez Gaita que desafina...

En pouco tempó foron á Habana tres cregos galegos e d' Ourense os tres: Basilio Alvarez, Rey Soto e Méndez Gaita.

Dos dous primeiros nada temos que decire. Más do terceiro en discordia, compre que se fale un pouquichíño. ¡Qué merecímientos ten ese señor pra no nome de Galiza ire a pór catedra de conferenciante na illa de Cuba?

O Sr. Méndez Gaita é un creguíño fachendoso, valeiro de miolo e de palabra cursi, que sabe prepararse a *recláme* que mesmo da xenio: Complica aos amigos no de lle dar bombos que é un ben de Dios.

A Cruña veu, fai algúns anos, a pronunciar o sermón do Voto ofrecéndose él espontaneamente. E a sua oración tivo virtude de sei-a mais cursi que endexamais ouviuse na cibdade herculina.

¡Méndez Gaita, prestixio galego? Home, non amoquen, pol-o que mais queiran. Méndez Gaita aquí, galegos de Cuba, nin como unha gaita cativa sona para maldita a cousa.

¡E ahí tomáchedelo en serio? ¡Verdade é que a tantos peisanos nosos que van a esprotarvos e a rírense da vosa candidez os tedes tratado com'a reis, mentres lle fixéchedes o mais vergoñoso valeiro ao Valle Inclán que, seña o que queira, é o único eminente galego que por Cuba andivo nos derradeiros tempos...

Pois o *lindo* Méndez Gaita falou en Cuba da patria grande e da patria chica. A patria chica, por suposto, era Galiza. ¡Vaia un patriano para a esportación que nos saíu ese cursi...!

¡Non estaría millor o Méndez Gaita atendendo as cousas do seu ministerio acó, que non andando de número de *varietés*, cousa pouco seria para un sacerdote, pol-a illa de Cuba? Andando de número de *varietés* e pónonos no ridículo. ¡Ai, galeguíños de América, que pouco conscientes parecades...! ¡Ou que molíño vos pon o curazón a calor dos trópicos!

Daniel Vázquez.

## ¿Unha gallegada?

E' sabido que a verba *españolada* ten un significado moito depresivo. Ese mesmo significado teñen as verbas *baturrada*, *asturianada*, *andaluzada*. A única verba d'esta cras que se ad-

mite e se di como moi natural é a verba *gallegada*. A ninguén se li'ocorre chamarlle *españolada* a unha Danza de Granados, nin ninguén chama *baturrada* a unha jota nin *andaluzada* a unhas *sevillanas*. Más en troques, drentro e fora da casa, todos chaman *gallegadas* a calesquer crás de música galega. Os de fora da casa por iñorancia. E non peca a iñorancia... Os da casa, por autodesprecio, por servilismo. E isto a fé non ten perdón de Deus. Naméntrel-os galegos empreguen a verba *gallegada* para falaren das suas propias cantigas non han merecer outra cousa que o nome de récua.

Aquela verba tería de ser apricada escrusivamente ás obras ou cantigas que, tratando de representaren a Galiza, ridiculizanna ou descoñécenna. Son unha *gallegada* os noxentos bailes de moitas bailarinas de *varietés* que, co'a música de *Maruxa* cometen un vil asesinato artístico.

E supoñemos que terá de ser unha *gallegada* a zarzuela *El Emigrante*, zarzuela de costumes galegos según seus autores: don Juan Ignacio Luca de Tena, da letra, e don José María Franco, da música, que acaba de s'estrenare en Madri.

Supoñémolo porque os *galegos* d'esa obra chámanse María, Pepiña, Antolín, Naco y o tío Parné... Todos nomes moi enxebres, como teránse decatado os lectores. E na música hai, polo visto, un ar de fado, que é posibel sexa o de Camouco, mas que tamén nos cheira a *gallegada*.

Desconfiemos. Si remorso nós faceríamos que *El Emigrante* se metera n'un barco. N'un barco que se fose a Pique e ficase en Pique.

Xaime Quintanilla.

Do "Correo Gallego."

## A revista "Nos"

O número 7 de «Nos» é tan interesante ou mais que os anteriores. Os traballos que publica merecen ser lidos por tódol-os bos galegos.

Trátase d'unha revista que honra a un povo. E obriga de cantos amen a propia cultura ha ser o emprestarlle axuda.

O sumario do novo número de «Nos» é atrainte: ofrece unha poesía de Xavier Prado; un traballo sobre Embaixada espritoal do Dr. Leonardo Coimbra a Galiza; un estudo acerca da teoría criacionista do ilustre catedrático da Universidade do Porto; unha seición pedagóxica, de Vicente Risco, que ningún escolante debe descoñecer; unha seición arqueolóxica; datos para o arquivo filolóxico e etnográfico da nosa pátria; seición bibliográfica notabre; reseña do concurso de Mondariz, e mais d'isto un retrato de Leonardo Coimbra e unha admirabel caricatura de João Peçalta por Alvaro Cebreiro.

»Nos» cada data gaña novo agarimo entr'os seus moitos leutores. E merecente é de que asin ocurra, pois é unha das cousas que máis fan pol-a santa causa da galeguización da terra.

O proisimo número da xúrdia revista orensana, que dirixe Vicente Risco, haberá de ser dedicado á irmá Irlanda, os traballos que ha publicare son interesantísimos.

Ese número esgotarase axiña. Pedidos fáiganse a Administración de «Nos» en Ourense ou ás «Irmandades da Fala» da Cruña e Ferrol.

Suscribase vostede

A NOSA TERRA

## O fracaso do Estado centralista

Agora que o Estado acepta tódol-os donativos non sería o momento de lle donar unha Constitución nova? Esto pregunta López Pico na «Revista» de Barcelona. E nos atopámolo ben.

Porque o fracaso do Estado centralista non pode ser mais grande nin mais vergoñoso.

Hoxe ten unha débeda pior que a que tivera despois do desastre colonial. Sin ir á gran guerra, económicamente anda mais escadrillado que os outros estados europeos.

¡E ora si a débeda responde a un forte progreso! Pro a Facenda afundida, carecendo d'escolas, de camiños, de ferrocarris, d'exército, de mariña, de xustiza, de riqueza industrial e de vergoña...

Non hai un só país no mundo que teña chegado a o grado de degradación a que chegou o que soporta e tolera ese Estado centralista cuia cabeza é Madri.

O réxime que trouxo a restauración—caosoante de toda—fica emporiso en pé.

¡E aínda hai quen, inconscientes, con suscricións queran axudar ó Estado, a ese estado, a que se defende: para millora dos servicios d'unha campaña que obriga d'aquel era ter ben atendidos e arranxados!

Este pseudopatriotismo trai a morte do outro: do verdadeiro. E asin, sempre nos acharemos no mesmo, até que chegue a lequidación por derrubamento.

## A R A Z A

«Mentiras:

«El ilustre pintor Sr. Moreno Carbonero.»

«Nuestros hermanos los americanos...»

Esto non é meu; é de Ramón Gómez de la Serna. Tocantes á festa da Raza, consúltese no número do ano pasado da revista «España», de Madrid, o artigo que principia:

«—¿Quién descubrió a América?»

«—Don Luis Palomo...»

Pra que se vexa que non fúmol-os irmans da Fala Galega os que tirámol-o pirmeiro cantazo.

Tampouco creio en que teñamos dereito a elo, perque nós—os que pensan coma min, polo menos—nin pertencemos, nin qneremos pertencer a isa comunidade de lingoa e de mestizaxe que os hispano-americanistas chaman Raza.

Eu non teño que ver cos destrutores das groriosas civilizaciós do Anahuac e do Perú.

Eu bendigo a endogamia que se sole dar nos galegos que viven alén mar. Alédome cand' un galego casa c'unha alemá, c'unha inglesa ou c'unha irlandesa. dame tristura velo casar c'unha italiana ou c'unha turca. Creio na selección e na euxenesia, e sei as propiedades dexenerativas do mestizaxe.

O amigo «Calcas» non fai ben én xusgar un probrema antropolóxico c'un chiste madrileñizante. Elo cai fora da Etica do escritor púbrico, do que fai pouco falei eu n-istas páxinas.

En troques, a diferenciación d'unha raza loira ou nórdica y-outra morena ou mediterránea na Europa, é unha cousa asentada centítecamente (véxans'os estudos de Sergi, Vacher de Lapongga, Aranzadi, etc., etc.) e o predomiño en Galiza do elemento loiro nord'e centro-europeu é unha cousa tan crara e patente, que o simples ollar o demostra.

Tocantes á lingoa castelá na Amérecia, hoxe en preno proceso de disgregación dialectal é unha das monsergas do imperialismo de Castela do que nós non imos defender ás repúblicas americanas. Si elas o consinten, que lles aproveite.

Ourense.

VICENTE RISCO.



# FOLLAS NOVAS

## Libros e Revistas

### «La tragedia de Irlanda»

Con este título temos recibido un volume, feito por Danel Figgis e Erakine Childers, que verteu a o castelán A. Ruiz e Pablo.

Trátase d'un libro moi interesante no que se sigue craramente o movemento revolucionario da illa dos Santos, e no que aparece con fondo releve a bárbara e sanguenta persecución de que fixeron sempre e máis agora, vítimas aos irlandeses o homes da Inglaterra.

As simpatías que a Irlanda, nosa irmá de raza, debe inspirar a todol-os que leven un corazón no peito acrecen logo de lido este libro.

### «San Andrés de Teixido»

Federico Maciñeira Pardo de Lama, notable arqueólogo mandounos un exemplar do seu novo libro cuio título vai enriba.

Cantos se interesen pol-os estudos d'elnografía galega, e señan amantes das nosas tradicións e das nosas lendas, teñen de léren «San Andrés de Teixido.»

C'un método admirabel o autor lévamos pol-a man para amostar como antigas creencias paganas foron ao correr dos tempos trocándose, gracias á obra da Irexia, en expresións do culto católico.

Este libro de Federico Maciñeira, cheio de ensiños moi comenentes, engaiola ao lector mesmo que se fose unha novela. Ademais vai ilustrado con moitos grabados. Tódal-as cántigas cántigas populares referentes ao santo Andrés de Teixido no volume do que falamos áchase recolleitadas. Poucos galegos cultas deixarán d'o mercare. E a edición primeira vaise esgotar de contado. Nosa embora ao autor.

### «Tres ingleses en Alemania»

O traductor d'este libro de Jerome, noso distinto amigo Daniel Martínez Ferrando, enviounos un exemplar do mesmo, «Tres ingleses en Alemania» é un volume cheio de humorismo, que encanta polas observaciós inxeniosas que contén.

Vertél-o humorismo ingrés ao castelán non resulta cousa doada. Sin embargo, Martínez Ferrando fixo unha tradución esquisita, nova mostra do seu talento.

«Tres ingleses en Alemania» é libro que se lé d'unha asentada.

Asegún nos comunica o mesmo Martínez Ferrando, axiña imprimirá nún volume as suas interesantes crónicas sobre

Galiza, nas que o amore á nosa Terra sempre áchase acceso, e'un prólogo de A. Villar Ponte.

### A Aguia e «A nosa revista» do Porto

Chegou a nós o volume XIX da importante revista órgao da «Renascença portuguesa» do Porto. Como os anteriores é un alarde de erudición e cultura, de xeito completamente europeu, que limos con sumo gusto.

Tamén temos recibido os tres primeiros números de «A Nosa Revista» do Porto, mensario fundado por alumnos da Facultade de letras d'aquela Universidade.

«A Nosa Revista» cheia de azos da mocidade intelectual portuense, ten para nosoutros unha fonda simpatía. Lemos os números que amabelmente nos enviaron, con verdadeiro pracer. En «A Nosa Revista» tencionan colaborar en algúns nazionalistas galegos.

### «Seara Nova» da Lisboa

Esta revista nova tamén, da que non recibimos senon o primeiro número, oferesce ser moi interesante. Escrito con valentía, nas suas follas amosta traballos dignos de loubanza. Quer laborar pol-a renovación do Portugal. Também se nos tem convidado a escribir n'ela.

### «La Revista» de Barcelona

Os derradeiros cuadernos, veñen tan cheios de cousas d'interés como é de costume. Ningunha revista castelán pode superala en modernidade e senso europeu. Por falla d'espazo hoxe, témolos que reducir a un simple acuse de recibo.

### Xornaes lusitanos e galegos

A nosa redacción siguen chegando «A tribuna» do Porto, «Diario de Lisboa», «La Zarpa» d'Ourens, «La Concordia» de Vigo e outros xornaes que sempre ollamos con agrado.

Tamén recibimos un número de «O Mundo» de Lisboa, no que se publica unha luminosa entrevista co'a ilustre escritora Ana Castro Osorio, sobre «A literatura infantil en Portugal» que limos con verdadeiro interés.

E aínda recibimos asinmesmo o Boletín mensual «Cruzada das mulheres portuguesas», que amosta datos que nos gusta coñecer.

V. da de H. Hervada Casa fundada en 1865  
A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

Vapor ESPAGNE 29 Novembro

“ La Burdonnais 8 Diciembre

“ FLANDRE 25 de id.

Prezo en Cámara para o vapor

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050

Prezo en Cámara para o vapor

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda	»	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	»	565	

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARINÁ, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dobre hélice

Prezo en 3.<sup>a</sup> cras

22 de Novembro

AURIGNY

534'75 pesetas

3 de Diciembre

JAUREGUIBERY

534'75 »

Prezos en cámara

		Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.	6.000		6.000	6.000	6.000	6.000
En primeira crase	»	1.650		1.925	2.000	2.350	2.435
En segunda crase	»	825		825	825	825	825

Prezos en cámara

		Pernambuco	Rio Janeiro	Santos	Montevideo	Buenos Aires
En primeira crase	Ptas.	1.475	1.675	1.725	1.950	2.025
En segunda crase	»	825	825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

ANTONIO CONDE (Fillos)

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS